

Calendarios académicos para o curso 2018/2019

Aprobados polo Consello de Goberno o 26 de abril de 2018. Poden consultarse no enderezo web: http://www.udc.es/ensino/calendario_academico/

1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2018/2019 comprenderá desde o 10 de setembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2019. Abarcará dous períodos lectivos que se organizan en dous cuadrimestres, conforme se indica no apartado 2 deste calendario. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os períodos sinalados neste calendario para a avaliación.

Consideraranse alumnos do curso académico 2018/2019 aqueles que deban ser avaliados das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 25 de setembro de 2019, conforme se establece neste calendario.

2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

Primeiro cuadrimestre: desde o 10 de setembro ao 21 de decembro de 2018

Segundo cuadrimestre: desde o 29 de xaneiro ao 16 de maio de 2019

Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 25 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade os coordinadores dos mestrados deberán poñelo en coñecemento do Servizo de Organización Académica.

3. AVALIACIÓN

3.1. Graos e Mestrados

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de convocatoria	Do 26 de novembro ao 14 de decembro de 2018	21 de decembro de 2018
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 8 ao 25 de xaneiro de 2019	8 de febreiro de 2019
	TFG/ TFM, fixadas polos Centros	8 de marzo de 2019 para as actas do TFG e TFM
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 20 de maio ao 10 de xuño de 2019	21 de xuño de 2019
	TFG/ TFM, fixadas polos Centros	5 de xullo de 2019 para as actas do TFG e TFM
2ª oportunidade	Do 26 de xuño ao 17 xullo de 2019 (*)	24 de xullo de 2019
	Prácticas/ TFG/ TFM, fixadas polos Centros	25 de setembro de 2019 para as actas do TFG e TFM

As datas de avaliación correspondentes ao “adianto de convocatoria” serán establecidas polos Centros só no caso de existiren solicitudes.

(*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre.

A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizarase conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e as súas posteriores modificacións.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 22 de decembro de 2018 ata o día 7 de xaneiro de 2019 (ambos os dous incluídos); os días 4 e 5 de marzo de 2019 e desde o día 16 ao día 22 de abril de 2019 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2019 pola da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividadeas da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivos.